

## **BASES DO TORNEO INFANTIL MIXTO DE FÚTBOL SALA**

### **MINI CHAMPION SALCEDA**

#### **1. Obxecto**

O Concello de Salceda de Caselas organiza o Torneo Infantil Mixto de Fútbol Sala co obxectivo de fomentar a práctica deportiva, a igualdade no eido do deporte, o compañeirismo e os hábitos de vida saudables entre a infancia.

#### **2. Datas e lugar**

- Datas de celebración: A semana do 6 ao 10 de Xullo 2026..
- Lugar: Pistas polideportivas anexas ao Pavillón Municipal de Salceda de Caselas.
- Horario aproximado: Os partidos darán comezo ás 20.00h. e prolongaranse en función do número de equipos participantes.

#### **3. Categorías**

Poderán participar equipos nas seguintes categorías:

- Prebenxamín: nados/as nos anos 2018, 2019.
- Benxamín: nados/as nos anos 2016 e 2017.
- Alevín: nados/as nos anos 2014 e 2015.
- Infantil: nados/as nos anos 2012 e 2013.
- Cadete: nados/as nos anos 2010 e 2011.

A organización poderá modificar as categorías en función do número de inscricións.

#### **4. Equipos**

- Os equipos serán obrigatoriamente mixtos.
- Cada equipo estará formado por un mínimo de 8 e un máximo de 12 xogadores/as.
- **En todo momento deberá haber polo menos dúas nenas e dous nenos en pista.**
- Cada equipo designará unha persoa adulta ao seu cargo. Esta figura ten que rexistrarse no formulario de inscrición. Cada equipo ten a posibilidade de inscribir ata 2 persoas responsables. No partido so pode estar no banquillo unha destas persoas.

#### **5. Inscrición**

- A inscrición conlevará unha cuantía simbólica de 3 euros por xogador/a incluída a persoa responsable de cada equipo, e todos eles/as terán cobertura de seguro.

- O pagamento realizarase no seguinte número de conta: ES45 2080 5523 2130 0000 2310 ABANCA SALCEDA (Facer constar no concepto o nome do equipo)
- O prazo de inscrición así como o pagamento do mesmo finaliza ás 23.59 do Xoves día 2 de Xullo de 2026.
- As inscricións realizaranse mediante formulario oficial na páxina web [www.deportesalceda.gal](http://www.deportesalceda.gal).
- Unha vez feita a inscrición non se poderan incluír novos xogadore/as.
- Será obrigatoria a autorización paterna, materna ou titorial para todas as persoas participantes menores de idade.

## **6. Sistema de competición**

- O torneo desenvolverase nunha fase de grupos e unha fase final.
- O sistema poderá variar segundo o número de equipos inscritos.
- Habilitaranse as pistas polideportivas exteriores e o pavillón municipal.

## **7. Normativa deportiva**

- Aplicarase o regulamento vixente de fútbol sala adaptado á categoría.
- Os partidos terán unha duración acorde ao número de equipos participantes e nunca inferior a 20 minutos.
- A puntualidade será obrigatoria.
- A incomparecencia dun equipo poderá supoñer a perda do partido por 7-0.

## **8. Puntuación**

- Partido gañado: 3 puntos.
- Partido empatado: 1 punto.
- Partido perdido: 0 puntos.

En caso de empate na clasificación teranse en conta:

1. Resultado entre os equipos implicados.
2. Diferenza de goles.
3. Maior número de goles marcados.
4. Deportividade (menor número de expulsións e tarxetas)
5. Sorteio.

## **9. Fair Play**

O torneo promoverá os valores do respecto e do xogo limpo podendo ser sancionadas:

- Condutas antideportivas.
- Faltas de respecto a árbitros, organización ou participantes.

- Actitudes discriminatorias ou violentas cara a público, xogadores/as do mesmo equipo ou do equipo rival.

A organización poderá expulsar do torneo a calquera persoa que incumpra estas normas.

## **10. Premios**

Entregaranse trofeos ou medallas para:

- Equipo campión.
- Equipo subcampión.
- Equipo máis goleador.
- Equipo menos goleado.

## **11. Seguro e responsabilidade**

Os participantes estarán cubertos polo seguro correspondente durante o desenvolvemento da actividade.

## **12. Protección de datos e imaxe**

A participación no torneo implica a aceptación das presentes bases e da posible captación de fotografías e imaxes para fins informativos e de promoción das actividades deportivas municipais, conforme á normativa vixente.

## **13. Aceptación das bases**

A inscrición no torneo supón a aceptación íntegra destas bases e das decisións adoptadas pola organización.

## **14. Presentación documentación**

Como último día, o 3 de Xuño cada responsable de equipo deberá facer entrega da documentación de todas as persoas integrantes do equipo (Copias de DNI de cada menor e copia tamen de DNI da persoa que asina a súa autorización; así como a propia autorización debidamente cuberta).

## **15. Autorización**

Eu D./Dna \_\_\_\_\_ con  
D.N.I. nº \_\_\_\_\_ e número de teléfono \_\_\_\_\_ pai/nai ou titor/ora de  
o/a menor de idade \_\_\_\_\_

con D.N.I. nº \_\_\_\_\_, autorízo/a a participar no Torneo Vila de Salceda de

Fútbol sala de categorías infantís, tendo en conta que teño leido as bases do torneo, que asumo e coas que estou de acordo.

O que asino aos efectos oportunos

en \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_

IMPRESINDIBLE FOTOCOPIA DOS D.N.I. DE AMBOS

